

Manuel María

Chamada a Galiza verbo da Real Academia Galega



Servidor é un consentido de que non ten autoridade pra facer unha chamada a ninguén. Só poseo un amor fondo e inconvertible ao meu país. Estas líñas son —ou caberán ser— un irreprimible barro de amor desesperado. A go arí son un cubro gotario na medio da escura noite. Cecis non o escribe ningún. De todos xeitos —e perdóname— a un pode servirle de alivio e de calar.

A Real Academia Galega —chamada agora Real Academia Galega— naceu, a comienzos do século no que andamos, na emigración cubana, gracias ao apaixonado patriótico do tipógrafo ferrolero Xosé Fontenla Lual, ao que tamén lle debemos o noso himno nacional. O empurron definitivo deuño, nada menos, que Cuervo Rodríguez. A materialización da idea foi obra de Murguía e do grupo de escritores vaticanos da chamada "Cova Ollitea". A institución creouse pra defender, conservar, potenciar e espallar a cultura galega. Non foi, polo tanto, unha academia da lingua como ter, dito e escrito xente manipuladora ou pouco informada aínda que a lingua forme parte, evidentemente, da nosa cultura.

A Academia naceu viciada. Xunto a escritores galegos de calidade entraron nela "terceroncos" nacidos en Galicia con obra en castelán de escaso valor e foradamente antigalegos. Non vale a para lembrálos. Nas páxinas de "A Nosa Terra" históricos quedaron escritas as protestas e discrepancias con política de nomeamentos e cos actividades culturais da Real Academia Galega.

Cando a Guerra Civil do 36, o franquismo pechou a institución, supoñamos que como atentadora á uniformidade do Estado, e, sobre de todo, como atentadora a "la sacra unidad de la patria". Ao reabrila



"A institución creouse pra defender, conservar, potenciar e espallar a cultura galega"

nomearon ao xeral Franco e ao seu ministro de Educación, Ibáñez Martín, presidentes de honra. Cubríronse as vacantes con persaxallos parciais do rexime —salvo raras excepcións— e cunha "obediencia" en castelán. O papel da Academia foi ben triste nesta época e nada fixo pola restauración da nosa cultura.

Pelos anos sesenta, o grupo "Galaxia" apoderouse da Academia. Segue dende entón nas súas ideas. Os "galaxios" pecharon as portas da institución a cal e canto e fixeron dela unha especie de "antu privado". Non esquezamos que na casa da sítual presidencia da Real Academia Galega foi onde se liquidou ao Partido Galeguista. O principal liquidador é, na actualidade, presidente do chamado Consello da Cultura Galega e un tuc que, sen dábida, move os fios da Ilustre Corporación. Hermitámonos ao libro de Xosé Luís Franco Grande "Os anos

escuras", páxina 163 e seguinte, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1986.

A chamada Real Academia Galega está hoxe secuestrada polo grupo "Galaxia". Nos entendemos que esta institución é patrimonio de todo o povo galego e non propiedade dun grupello que vai a contaría da Historia. Por se algunha xente deste grupello —concretamente o presidente do Consello da Cultura Galega, e dipuísdo autonómico nos listas do PSOE e o inconvertible delegado do Goberno central en Galicia, a voz presidente da Academia e xefe da Policía da Comunidade Autónoma, caso único no mundo como nos ensenou o poeta Novoneyra en ocasión solemne— se a xente deste grupello —dicémos— aínda non le fixeron mal danondo a Galiza, na actualidade, según as nosas noticias, están dispostos a liquidar a Real Academia Galega como, no seu día, liquidaron ao Par-

tido Galeguista. Pra ese vía a convertela —ou recorvertela— nunha Real Academia Galega da Lingua, reducindo o número de académicos titulares de 90 a 25. A operación pra nós está clara: reduce o número de académicos pra non cubrir vacantes, e, sobre de todo, pra que o grupo "Galaxia", cada vez máis minoritario e desprestado, poida seguir controlando a institución.

Entendemos que a Real Academia Galega debe cumprir o papel que foi creada: ser unha institución ao servizo de toda a cultura galega. Nela deben estar as figuras máis representativas do noso mundo cultural. E pra eso cumpria aumentar o número de académicos e non diminuílo. É preciso que a Academia sexa un ilustre e vivo sepado das forzas culturais, vivas de verdade, e non un tenebroso iguillarre de pantasma como é na actualidade, salva sexa a parte e con conta-

dísimas excepcións. Non se comprende como non son membros titulares da Academia: Días Paró, Laxeiro, Torres, Cuhneiro, Novoneyra, Méndez Ferrín, Paço Rodríguez, Ramón L. Survos, Ramón Villarés Paz, Paço Leiro só pra nomear polos cantos creócos que son os primarios que se nos ocorren.

Por outra banda, unha Academia da Lingua Galega non é incompatible cos xa histórica Real Academia Galega, que abrangue toda a cultura do país. Ou debía de abranguela. Liquidar a sítual Real Academia Galega é empobrecer a Galiza. E liquidar parte da nosa historia. A Real Academia Galega non é dos académicos —as institucións quedan e as peccos pasan—, senón que é de Galiza. Os galegos conscientes non debemos tolerar que se nos faga tal falcatruada. Galiza non é —volvamos a repetir— patrimonio privado do grupo "Galaxia".

Temos entendido que xa vai en Madrid —un xeito máis de dependencia e de domesticación— pra súa anulación, o novo regulamento pra trocar e demostración de Real Academia Galega, pra reducir o número dos académicos e non abarcar cantos cruas mas. Isto é —non cansemos de repetir— ampobrecer. Por eso facemos esta chamada a todos galegos, e, dun xeito moi especial, á xente da cultura. Polo noso amor a Galiza e a súa cultura lanzamos este SOS desesperado que, ao peor, é como betar un barquillo de papel na inmensidade do mar.

Aos que queiran facer desaparecer a Real Academia Galega pedimolle, de corazón e con toda humildade, que non lle fagan máis mal a Galiza. Que dimitan e que se vayan pra súa casa dispoñer dos seus subditos. E que, como decía don Ramón Otero Pedreira, polo menos rematen de envelher con dignidade.